

# "Nomes Propios"

## Personaxes Singulares de Lérez

Xaime Iglesias González

Coincidindo coas festas patronais de San Salvador, a Asociación Sociocultural Cedofeita presentou no mosteiro de Lérez a XI edición da tradicional exposición anual. Nesta ocasión, baixo o título *Nomes propios. Personaxes singulares de Lérez*, estivo aberta os días 5, 6 e 7 de agosto, sendo visitada por numeroso público.

A exposición ofrecía unha mostra de fotografías e textos referidos a case medio cento homes e mulleres da parroquia de Lérez considerados singulares por algún aspecto da súa vida. Con ela pretendíase abrir unha fiestra que permitise contemplar e coñecer ós nosos antepasados máis inmediatos, que é unha forma de identificarnos co noso contorno e con nós mesmos. Polo que, tal vez, o obxectivo máis importante desta exposición fose contribuír a manter acesa a luz da memoria histórica.

A personalidade de calquera lugar, grande ou pequeno, está influenciada polo medio físico e polos seus moradores. É certo que os vales cos seus

se configuran exclusivamente polo determinismo da súa peculiar xeografía, senón que no carácter e estilo de cada un deles xogan un papel importante os seus habitantes que, coas súas actuacións, son capaces de adaptarse de diversas formas ás condicións naturais.

Consecuencia do xogo das interaccións antes apuntadas, calquera comunidade humana ten o seu peculiar xeito colectivo de ver a vida, de valorar as cousas, de resolver os problemas e de entender a morte. Pero non debemos esquecer que os individuos que conforman a cada unha delas son persoas que teñen un modo particular de actuar e unha persoal maneira de ser. Algunhas destas distinguíronse ó longo da súa vida pola entrega ó servizo colectivo, pola traxectoria profesional, pola simpatía, pola defensa de ideais, pola arte ou por calquera teima máis ou menos inocente. Na exposición, *Nomes propios. Personaxes singulares de Lérez*, presentábanse unha serie de personaxes nos que concorren polo menos unha das características anteriores.

De por parte, todos eles teñen en común a súa vinculación a Lérez, por ser esta parroquia o seu lugar de nacemento ou por viviren entre nós durante certo tempo e sentirse plenamente lerezáns. Case todos viviron a cabalo dos séculos XIX e XX e coñeceron distintos réximes políticos: monarquía e república; dictadura e democracia. A maioría sufriu directa ou indirectamente a guerra civil de 1936 e as súas consecuencias, como o medo, a fame, a opresión ou a emigración.

Nunha primeira aproximación a esta mostra, calquera visitante podería observar os personaxes, na súa singularidade e o aquel polo que estaban alí. Neste censo, púidose coñecer, por exemplo, a simpatía inxenua de José da Flor a quen irónica e entrañablemente se lle



ríos, as chairas e as montañas e o clima contribúen, dalgún xeito, a conformar a identidade de países, comarcas ou parroquia, pero é obvio que estes non



chamaba "boquita de piñón", o intimismo poético do escritor Juan Bautista Andrade que organizaba faladoiros culturais arredor da mesa de pedra da súa finca da Fillagosa; o forte puñazo de Sobral, un dos máis grandes boxeadores de Galicia; os pioneiros do balón pé irmáns Lorenzo Codesido (Telesforo, Gonzalo, Edelmiro, O Donnell e o seu sobriño Foro) e Carolo; o eco da voz de Manolo Casalderrey Mugico a quen a morte levou prematuramente, privándonos do seu potencial éxito; a humanidade de D. Enrique Ballina, médico dos pobres, ós que atendía antes cós ricos; o modo de vida da señorita Carmiña, considerada daquela extravagante, que se adiantou a usos e costumes que habíamos de coñecer posteriormente; as loitas internas de D. Leandro que se debateu entre, a vocación relixiosa, as debilidades humanas e a paixón política.

Pero a exposición tamén se prestaba para reflexionar sobre as condicións socioeconómicas e culturais da época en que viviron. Basten uns exemplos para ilustrar esta afirmación. Avelina a Rouca, ademais de ser a xenerosa parteira que axudou a nacer a moitos nenos e nenas de Lárez e parroquias limítrofes, desvela a penosa a situación sanitaria da época e de que, daquela, a maioría dos partos acontecían nos domicilios da cada parturiente. Emilio Iglesias, José Filgueira ou Antonio Reboreda poden trasladarnos ó

atraso que, nas técnicas construtivas, había entre nós a principios do século pasado, pero tamén nos sitúan no feito migratorio que, no mesmo período, levou a América gran cantidade de galegos. Os gaiteiros da Piolla, Simón ou mesmo Barriga Verde, á marxe das súas particularidades, suxírennos algúns modos de diversión naqueles anos, ben distintas das posteriores *movidas* e discotecas. O Moreno, inimitable pescador e gran coñecedor dos segredos do

río Lárez, lémbra-nos as épocas pasadas, aínda que non tan afastadas, onde a contaminación en xeral, e en especial a fluvial, eran infinitamente inferiores ás actuais. O Chinito ou o Carranco son unha mostra de servizo á comunidade e de solidariedade, atributo que, interesadamente, se nos negou ós galegos na historiografía e literatura castelá. Outros persoeiros como José Blanco, Constante Estévez, Pérez Piñeiro ou Manuel Gama, indúcenos a pensar no amplo movemento societario que viviu Galicia a principios do século XX, no que Lárez tivo un relevante protagonismo, non só por ser a parroquia onde naceu a primeira sociedade de agricultores de Galicia, senón porque entre nós xurdiron ademais outros tipos de asociacións (recreativas, mutuas gandeiras e de crédito) e prestixiosos líderes.

O interese despertado por esta exposición non só quedou patente na numerosa concorrencia de público, senón tamén na demanda de copias de fotografías ou de textos que varios visitantes solicitaron da organización, dos parabéns recibidos e mesmo da puntualización ou ampliación de datos de certos persoeiros, pois esta -e todas as exposicións organizadas por Cedofeita- teñen a particularidade de seren "interactivas".